


**Primeiros pasos na FIC.**

*Recursos virtuais.*

# PASO 1: Activa os servizos.

Entra na páxina: [https://servizos.udc.es/](https://servizos.udc.es/)

**Coa matrícula recibes un código para activar os servizos virtuais na UDC. Segue estes pasos.**









# A conta de servizos

**Nesta conta tes diferentes servizos virtuais aos que podes acceder. Entre eles recorda marcar a preferencia no horario antes de que se realice a asignación.**




Podes cambiar os teus datos persoais e de conta

Incidencias e bonobús

Recursos virtuais da UDC: secretaría virtual, guías docentes, moodle, correo…

Servizos da UDC: biblioteca, tarxeta universitaria, WIFI, …

# Office 365 na UDC

**Os estudantes da UDC tedes acceso a un portal de Office 365 para traballar on line ou descargar as ferramentas de MS Office.**




Desde aquí podes acceder ao correo electrónico da UDC

É moi importante que consultes o correo electrónico da UDC, pois as notificacións oficiais chegan por esa canle. Se prefires podes redireccionalo ao teu correo habitual.

# Redireccionar o correo da UDC



# PASO 2: Saca a tarxeta universitaria

**Nos teus primeiros pasos na FIC, achégate ao Pavillón de Estudantes (enfrente da FIC) e saca a túa tarxeta.**

A tarxeta é necesaria para acreditarte e usar os servizos que integra. Consulta estes en:
[https://www.udc.es/gl/tiu/utilidade/](https://www.udc.es/gl/tiu/utilidade/)




Solicítase so unha vez e ten validez ata que finalizas os estudos. A súa tramitación é gratuita.

Algúns servizos da tarxeta universitaria, como o préstamo de libros na biblioteca, requiren da activación previa no portal de Servizos da universidade, polo que é recomendable rexistrarse (ver pasos anteriores) antes de obter a tarxeta.

# PASO 3: Configura a WiFi

Existen dúas redes alternativas:

- **Eduroam:** é a opción máis recomendada
  - Ofrece conectividade segura
  - Permite aos usuarios que se despracen a outras institucións do programa (universidades, por exemplo) dispoñer de conexión.
  - Configuración, automática e manual, en: https://www.udc.es/gl/rede/wifi/configuracion/

- **udcportal:**
  - Non require configuración especial nin instalación de software de seguridade
  - Acceso a internet non seguro (non recomendable para envío de contrasinais)
  - No primeiro acceso dende o navegador web solicita usuario e contrasinal da UDC

# PASO4: Entra no Moodle

**O Moodle é a plataforma virtual docente da UDC. Nel os profesores colgarán materiais, abrirán espazos de entrega de tarefas ou subirán notas dos traballos e exames.**

Entra na páxina: [https://moodle.udc.es](https://moodle.udc.es)

Accedes co usuario e contrasinal de servizos da UDC



# PASO 5: Engade a secretaría virtual aos favoritos

**Moitos dos trámites administrativos deberás facelos a través desta secretaría virtual. Non a perdas de vista!**

Entra na páxina: [https://matricula.udc.es/Secretaria/](https://matricula.udc.es/Secretaria/)



# Encontras problemas cos pasos informáticos?

- **Na UDC**:
  - Centro de Atención ao Usuario (CAU):
    Extensión: 2222
    Correo electrónico: cau.sic@udc.es



- **Na FIC**:
  - Centro de Cálculo (CeCaFI):
    Primeiro andar da FIC

- Preguntas frecuentes relacionadas con temas informáticos del alumnado:
http://www.udc.es/aspau/faq_alumnos